

BASES/INFORMACIÓN

CAMPAMENTOS DE VERÁN BOIRO 2026

A Concellería de Educación do Concello de Boiro ofrece un servizo dirixido a nenos e nenas de 3 a 12 anos escolarizados, có obxectivo de facilitar ás familias un recurso de conciliación con horarios flexibles axustado ás súas necesidades, e ofrecer unha alternativa lúdica , formativa e integradora de ocio e tempo libre ás crianzas participantes.

O que se pretende é un campamento versátil dunha forma educativa, divertida e saudable.

DEFINICIÓN:

As presentes bases/información teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a participación nos Campamentos de Verán Boiro 2026, así coma proporcionar información dos trámites e pormenores do mesmo.

DESCRICIÓN:

O desenvolvemento das actividades destes campamentos estará baseado en técnicas de intervención participativas e activas. Fomentárase a creatividade e os valores de respecto e solidariedade con enfoques non sexistas. As actividades deberán ser planificadas segundo as idades e necesidades socio-educativas que pola súa natureza así se requiran.

LUGAR DE REALIZACIÓN:

As actividades do campamento de verán terán lugar preferentemente nas seguintes instalacións:

CEIP STª Baia de Boiro - CEIP de Abanqueiro – C.S. Cabo de Cruz- CEIP Cespón

*Os lugares de realización poderán verse modificados, se non se acada un mínimo de participantes. As persoas afectadas disporán da súa praza noutro dos lugares dispoñibles

CALENDARIO:

Os programas desenvolveranse (agás sábados, domingos e festivos): do 1 de xullo ao 28 de agosto 2026 (pódese inscribir só no mes de xullo, no de agosto ou en ambos).

HORARIOS:

O servizo levarase a cabo: dende ás 8:00 a 14:00h ou de 10:00 a 14:00h (a elixir unha)

Pasado o tempo de recollida, se non acude a recoller ao menor e non dispoñemos de noticias ao respecto, chamarase ao organismo público correspondente.

Os horarios elixidos de entrada non poderá ser modificado polos participantes.

ASISTENCIA:

A asistencia diaria ao programa será obrigatoria, só se admitirán 3 faltas sen xustificación/mes

No caso da existencia de máis faltas a organización valorará os casos e circunstancias que se consideren de forza maior.

DESTINATARIOS/AS:

A poboación destinataria son nenos e nenas de 3 a 12 anos cumpridos e

escolarizados nados entre o ano 2014 e 2024 (ambos inclusive)

Nº DE PRAZAS:

As prazas ofertadas inicialmente son:

Campamento de Verán: 220 prazas distribuídas segundo capacidade nos seguintes centros:

CEIP STª Baia de Boiro - CEIP de Abanqueiro - Centro Social de Cabo de Cruz - CEIP de Cespón

Os servizos dos campamentos de verán, dividiranse en dous bloques:

Período	Datas	Prazas
Bloque Xullo	Del 1 al 31 de xullo	De 8:00h a 10:00h Plan Madruga: 90 prazas De 10:00h a 14:00h campamento verano:130
Bloque Agosto	01 al 28 de agosto	De 8:00 a 10:00h Plan Madruga: 90 prazas De 10:00h a 14:00h campamento verano:130

Plan Madruga é un servizo de recepción e atención dos nenos e nenas previas ao campamento, no que primará a atención e o coidado coa fin de facilitar a conciliación familiar

Para madrugadores (STª Baia, Cabo de Cruz e Abanqueiro) só estará disponible se se forma grupo mínimo de 5 persoas

.No caso de que haxa máis participantes prescritos que prazas, priorizaranse os seguintes **CRITERIOS DE SELECCIÓN**

1º.- .- Estar empadroados no Concello de Boiro: Este criterio xustifícase coa autorización de consulta no padrón municipal. (4 puntos)

2º) Primará a asistencia de dous meses sobre un (3 puntos)

3º.- Orde de entrada da solicitude. Queda certificada de forma automática co rexistro de entrada (2 puntos)

4º.- Ocupación laboral dos proxenitores/ ou titores legais: Este criterio xustificárase con copia do contrato laboral ou certificado da empresa onde se especifique a xornada laboral – días e horarios-. No caso de que se dean circunstancias especiais de que dentro da unidade familiar, os seus membros non puideran coidar das crianzas, terase tamén en conta: Este criterio debe xustificarse cun informe de Servizos Sociais ou informe médico (1 punto). **Esta documentación só será requirida si se dera o caso.**

Pola contra, se non se acada o grupo mínimo o/os campamentos poden ser cancelados

Custo:

As tarifas por usuario/a serán as seguintes:

. 150€ mes/300€ dous meses para horario dende 8:00 a 14:00

. 110 € mes/220 € dous meses para horario de 10.00 h a14.00 h

Desconto do 50% segunda/o irmá/irmán e sucesivos (Exemplo: 1º irmá/irmán 150€ mes + 2º irmá/irmán 75€ + 3º irmá/irmán 75€ = 300€) para horario de 8:00 a 14:00h)

Desconto do 50% familias monoparentais

Desconto do 80% persoas en exclusión social, ou situacións de vulnerabilidade (Exemplo, 30€ mes ou 60€ dous mes por participante para horario de 8:00 a 14:00h)

Ás persoas en situacións de exclusión social e ou vulnerabilidade deberán presentar certificado de servizos sociais ou certificado da autoridade pertinente

xunto có recibo de pago.

. **Modelo de pago:** Proponse que o/a usuario/a faga o pago bancario con impreso de auto liquidación que debe facerse a través da sede electrónica, no portal tributario ou nunha entidade bancaria.

Importante. Así mesmo, unha vez feito o ingreso o/a usuario/a deberá entregar unha copia da auto liquidación selada no Dpto. de Educación, momento, no que se fará efectiva a inscrición.

QUE TEÑO QUE LEVAR AO CAMPAMENTO:

As/os nenas/nenos deben asistir con calzado deportivo, roupa cómoda ou deportiva, mandilón (se se estima oportuno) e a merenda (froita, bocadillo, auga... Recoméndase que aínda que lle poñan bebidas azucradas que leven tamén auga).

MONITORADO:

Contrataranse monitores/as e un/ha coordinador/a do campamento, que serán os responsables de organizar, supervisar e levar a cabo as actividades do mesmo. Estes monitores serán persoas tituladas, formadas para levar a cabo estas actividades. Teremos 1 monitor/a de apoio por grupo si se dese o caso de que participen nenos/nenas con necesidades especiais. En ningún caso este monitor/a se pode contemplar como de atención específica ou particular para a cada unha das/dos nenas/nenos con necesidades.

PREINSCRICIÓN E REQUISITOS

Prazo de Preinscrición: do 5 ao 19 de maio do 2026 ás 13:00h

Publicación de listas provisional de admitidos: 27 de maio do 2026

Reclamacións: dende a publicación das listas o día 27 de maio ao ao 29 inclusive,

ata as 13:00h

Listado definitivo: 10 de xuño do 2026

Pago: dende a publicación dos listados definitivos o 10 de xuño ao 19 de xuño ás 13:00h do 2026

Requisitos:

1.- Debe recoller os impresos de prescrición na conserxería do Concello de Boiro ou baixalos da web municipal boiro.gal

2.- Unha vez cubertos debe envialos, xunto coa documentación xustificativa, polo rexistro do Concello de Boiro (ben de forma telemática ou presencial) a: A/A Departamento de Educación 605

3.- Unha vez rematado o prazo de admisión, procederase á publicación da **lista provisional** de admitidos/as na web municipal. No caso de **reclamacións** deberán ser tramitadas, vía rexistro, nos tres días seguintes a dita publicación. Pasado o período de reclamación procederase á publicación da **lista definitiva** de admitidos/as.

4.- Pago de tarifa: se vostede está admitido/a debe proceder ao pago das taxas do 3 ao 12 de xuño.

. Debe cubrir o impreso de auto liquidación a través da sede electrónica do Concello de Boiro – Portal Tributario. (na web boiro.gal ten un documento de instrucións) Unha vez feito, debe aboar a tarifa correspondente ben:

. A través da sede electrónica con tarxeta bancaria

. Facer o pago nunha oficina bancaria. Para esta modalidade debe imprimir as tres copias do impreso de autoliquidación (1 para o banco, outra para vostede e outra para entregar á administración) que debe selar o banco.

. Unha vez efectuado o pago, debe achegar o impreso de autoliquidación

asinado/selado pola entidade bancaria ou autoliquidación xunto có recibo de pago se este se fixo con tarxeta bancaria, no Departamento de Educación. en horario de 9:00h a 14:00h.de luns a venres.

Lembre que si vostede non entregou o xustificante de pago no prazo estipulado perderá a súa praza.

NOTAS ACLARATORIAS:

Unha vez rematado o proceso de preinscrición, pago incluído, vostede pasará a estar oficialmente inscrito no campamento no que se inscribiu. Así mesmo no campamento de Verán non se procederá á devolución das taxas pagadas salvo nos casos de defunción ou hospitalización.

En canto aos/as nenos/as con necesidades especiais solicítase un informe no que se especifiquen as condicións de saúde físicas, psicolóxicas e neurodiverxentes.

A ocultación ou falsedade destes datos poderán causar baixa no campamento.